

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:	IES AS MARIÑAS DE BETANZOS
CURSO:	1º DE FP BÁSICA – SERVIZOS ADMINISTRATIVOS
MATERIA:	CIENCIAS APLICADAS I
DEPARTAMENTO:	FÍSICA E QUÍMICA
DATA:	11/05/2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

Result. aprendizaxe	Criterios de avaliación
Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	<ul style="list-style-type: none">- Identificáronse os tipos de números e utilizáronse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa.- Realizáronse cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora (física ou informática).- Utilizáronse as TIC como medio de procura de información.- Operouse con potencias de expoñente natural e enteiro aplicando as propiedades.- Utilizouse a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles.- Representáronse os números reais sobre a recta numérica.- Caracterizouse a proporción como expresión matemática.- Comparáronse magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade.- Utilizouse a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directamente e inversamente proporcionais.- Aplicouse o xuro simple e composto en actividades cotiás
Recoñece as instalacións e o material de laboratorio e valóraos como recursos necesarios para a realización das actividades prácticas	<ul style="list-style-type: none">- Identificáronse as técnicas experimentais que se vaian realizar.- Manipuláronse adecuadamente os materiais instrumentais do laboratorio.- Tivéronse en conta as condicións de hixiene e seguridade para as técnicas experimentais que se vaian realizar.

<p>Identifica propiedades fundamentais da materia nas formas en que se presenta na natureza, manexando as súas magnitudes físicas e as súas unidades fundamentais en unidades de sistema métrico decimal</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Describíronse as propiedades da materia. - Practicáronse os cambios de unidades de lonxitude, masa e capacidade. - Identificouse a equivalencia entre unidades de volume e capacidade. - Efectuáronse medidas en situacións reais utilizando as unidades do sistema métrico decimal e utilizando a notación científica. - Identificouse a denominación dos cambios de estado da materia. - Identificáronse, con exemplos sinxelos, diferentes sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos. - Identificáronse os estados de agregación nos que se presenta a materia e utilizáronse modelos cinéticos para explicar os cambios de estado. - Identificáronse sistemas materiais en relación co seu estado na natureza - Recoñecéronse os estados de agregación dunha substancia dada a súa temperatura de fusión e de ebulición. - Establecéronse diferenzas entre ebulición e evaporación utilizando exemplos sinxelos.
<p>Utiliza o método máis adecuado para a separación de compoñentes de mesturas sinxelas en relación co proceso físico ou químico en que se basea</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Identificouse e describiuse o que se considera substancia pura e mestura. - Establecéronse as diferenzas fundamentais entre mesturas e compostos. - Discrimináronse os procesos físicos e químicos. - Seleccionáronse, dunha listaxe de substancias, as mesturas, os compostos e os elementos químicos. - Aplicáronse de xeito práctico diferentes separacións de mesturas por métodos sinxelos. - Describíronse as características xerais básicas de materiais en relación coas profesións, utilizando as TIC. - Traballouse en equipo na realización de tarefas
<p>Recoñece como a enerxía está presente nos procesos naturais, describindo</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Identificáronse situacións da vida cotiá nas que se pon de manifesto a intervención da enerxía.

<p>Localiza as estruturas anatómicas básicas discriminando os sistemas ou os aparellos aos que pertencen e asociándoos ás funcións que producen no organismo</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Identificáronse e describíronse os órganos que configuran o corpo humano, e asociáronse ao sistema ou ao aparello correspondente. - Relacionouse cada órgano, sistema e aparello á súa función, e indicáronse as súas asociacións. - Describiuse a fisioloxía do proceso de nutrición e identificouse a función das estruturas anatómicas dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor. - Describiuse a fisioloxía do proceso de reprodución e identificouse a función das estruturas anatómicas do aparello reprodutor. - Detallouse como funciona o proceso de relación e identificouse a función das estruturas anatómicas dos sistemas nervioso e endócrino. - Utilizáronse ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas.
<p>Diferencia a saúde da doenza, relacionando os hábitos de vida coas doenzas máis frecuentes e recoñecendo os principios básicos de defensa contra elas</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Identificáronse situacións de saúde e de doenza para as persoas. - Describíronse os mecanismos encargados da defensa do organismo. - Identificáronse e clasificáronse as doenzas infecciosas e non infecciosas máis comúns na poboación, e recoñecéronse as súas causas, a súa prevención e os seus tratamentos. - Relacionáronse os axentes que causan as doenzas infecciosas habituais co contaxio producido. - Describiuse a acción das vacinas, dos antibióticos e doutras achegas da ciencia médica para o tratamento e a prevención de doenzas infecciosas. - Recoñeceuse o papel das campañas de vacinación na prevención de doenzas infecciosas. - Describiuse o tipo de doazóns e os problemas que se producen nos transplantes. - Recoñecéronse situacións de risco para a saúde relacionadas co contorno profesional máis próximo. - Deseñáronse pautas de hábitos saudables relacionados con situacións cotiás

<p>Elabora menús e dietas equilibradas sinxelas diferenciando os nutrientes que conteñen e adaptándoos aos parámetros corporais e a situacións diversas</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Discrimínouse entre o proceso de nutrición e o de alimentación. - Diferenciáronse os nutrientes necesarios para o mantemento da saúde. - Recoñeceuse a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico no coidado do corpo humano. - Relacionáronse as dietas coa saúde, diferenciando entre as necesarias para o mantemento da saúde e as que poden conducir a unha mingua desta. - Realizouse o cálculo sobre balances calóricos en situacións habituais do contorno. - Calculouse o metabolismo basal e os seus resultados, e representouse nun diagrama establecendo comparacións e conclusións. - Elaboráronse menús para situacións concretas, investigando na rede as propiedades dos alimentos.
<p>Resolve situacións cotiás, utilizando expresións alxébricas sinxelas e aplicando os métodos de resolución máis axeitados</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Concretáronse propiedades ou relacións de situacións sinxelas mediante expresións alxébricas. - Simplificáronse expresións alxébricas sinxelas utilizando métodos de desenvolvemento e factorización. - Resolvéronse problemas da vida cotiá en que cumpra a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro grao. - Resolvéronse problemas sinxelos utilizando métodos gráficos e as TIC.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Análise das producións do alumnado• Cuestionarios,• Intercambios orais co alumnado,• Rúbricas <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">• Monografías: Texto argumentativo que presenta e analiza os datos obtidos de varias fontes, sobre unha determinada temática, como biografías de científicos/as, evolución histórica dos conceptos e teorías da física (exemplo, a luz), analizados con visión crítica.• Resumos, traballos de aplicación e síntese das diferentes unidades didácticas despois da exposición e aprendizaxe das mesmas.• Caderno de clase, corrixido mediante rúbrica que está a disposición do alumnado.• Resolución de exercicios e problemas que acompañan ao libro de texto ou material didáctico empregado.• Autoevaluación: preguntas cortas que os axuden a reflexionar e a valorar a súa aprendizaxe.
Cualificación final	<p>O alumnado que teña aprobada a dúas primeiras avaliacións, farase medias de ditas avaliacións. Se as tarefas do terceiro trimestre preséntase nas datas marcadas, veñan ben presentadas, a resolución dos problemas é a correcta e facendo as tarefas Segundo vaise indicando en cada unha, á nota media poderá sumar ata dous puntos máis.</p> <p>O alumnado que non superou unha ou as dúas avaliacións terán que facer todas as tarefas, entregalas nos prazos indicados, presentalas ordenadas e claras, os problemas con todas as indicacións e ben feitos, recuperarán as avaliacións suspensas.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Consistirá nunha proba escrita na que se incluírán actividades para avaliar os estándares de aprendizaxe das dúas primeiras avaliacións. Nas probas o alumnado ten que, utilizando o vocabulario e simboloxía adecuada, citar, definir, clasificar, xustificar e realizar exercicios numéricos, problemas ou cuestións que expoñan a aplicación dun coñecemento.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Traballos monográficos(elementos químicos, o alcohol como desinfectante...), lectura de textos científicos no que teñen que responder diversas preguntas sobre o texto, preguntas e respostas dos contidos dalgún tema ,problemas numéricos, realización de crebabezas, sopas de letras con términos científicos ou con elementos da táboa periódica...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Todo o alumnado ten conectividade, polo que a principios da semana subimos os recursos e as actividades a Aula Virtual do centro e nalgún caso envíase por correo electrónico, Nos recursos van os vídeos explicativos, documentos pdf e nas actividades van as tarefas que teñen que realizar. Ao día seguinte temos unha videoconferencia na que explicamos de novo as tarefas e resolvemos as dúbidas que puideran xurdir. Os que non asistiron a videoconferencia poden resolver as súas dúbidas a través da mensaxería da aula virtual o do correo electrónico (isto pode facelo calquera alumno/a cando o precise). Entregarán a tarefa os venres de forma telemática. Farase unha corrección, e se non se considera que ven de forma axeitada, terán que repetila.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none">○ A bibliografía: libros de consulta, de divulgación, de experiencias (guías), revistas científicas, artigos periodísticos, dicionario enciclopédico, etc.○ Os apuntamentos de clase elaborados polo profesorado, para complementar nalgún tema aspectos non recollidos polo libro de texto.○ A calculadora: ademais de aferrar tempo nos cálculos complexos, tamén ten un fin didáctico en si mesmo como na presentación de cantidades na notación científica coas súas cifras significativas.○ O ordenador, móvil, tablet ou aparello que sirva para ter unha conexión vía internet o telefónica.○ Videos feitos pola profesora cas explicacións dos apuntamentos e de exemplos de exercicios.○ Aula virtual○ Videoconferencias○ Correo electrónico

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none">- Mediante a páxina web do centro- A través das redes sociais- Por correo electrónico- Vía telefónica- Aula virtual- A través da aplicación Webex
Publicidade	<ul style="list-style-type: none">- Páxina web do centro- Redes sociais

